

## Novos cultivos en Lérez (X): O algodón

*Xosé Álvarez Castro.*

É unha planta anual, ramificada e que pode acadar bastante altura; pertence ao xénero *Gossypium* que consta da varias especies. As flores son grandes e solitarias, de cor amarela pálida. O froito ten forma de bola de cor verde pero que vai escurecendo a medida que envellece e logo abre deixando ao descuberto unha masa de fibras que rodean as sementes. Estas fibras son as que se empregan para facer os fíos de algodón e están compostas de celulosa case pura.



Cultívase en todo o mundo sendo orixinarias as súas especies de Asia, África e América. Ademais de ser a fibra téxtil vexetal máis importante, as sementes tamén se usan para obter un aceite que se emprega en cosmética e farmacia. O algodón ten tamén outros usos, entre eles o de materia prima para a obtención de papel de moi alta calidade.



Emprégase dende a máis remota antigüidade existindo referencias ao seu uso no antigo Exipto, na India, etc. O historiador grego Heródoto admirábase da existencia na India deste arbusto que producía unha la mellor que a das ovellas.



Para o seu cultivo necesita dun clima cálido e bastante auga. En Lérez témolo plantado dentro do invernadoiro obtendo colleita abundante pero tamén se nos dou en plantación exterior. Plántase na primavera, a unha profundidade de 4 cm, separadas medio metro, sendo a súa xerminación bastante delicada polo que aconsellamos depositar varias sementes en cada burato e logo rarear. As fibras e sementes recóllense no outono. Cando empeza a producir os froitos debe despuntarse. Pode ser atacada por varios insectos e por fungos que, atacando o seu pé, poden producir a súa seca.

